

Construír e usar un disco de Secchi é moi doado:

Abonda con pintar de negro dous cuartos opostos sobre un disco branco (de plástico ou de madeira) de 20 cm de diámetro.

Ataremos este disco polo seu centro para que se manteña horizontal mentres colga dunha corda, lastrarémolo lixeiramente para que non flote, irémolo somerxendo na auga ata que desapareza da nosa vista e anotaremos a profundidade.

Debemos tomar polo menos tres medidas en cada punto de mostraxe para minimizar os erros de medida.

Podemos quedar cunha media das tres ou co valor central.

